

O Esteiro do Anllóns: un lugar moi produtivo con grande diversidade de vida

Versión en castelán - por la otra cara

Realiza... Tel.: 981.26.6049

A unión de mar e río forma un medio moi produtivo e con grande dispoñibilidade de alimento. Este espazo natural protexido, con moito valor paisaxístico, é un dos complexos litorais máis destacados de España en riqueza, variedade e singularidade de especies de flora e fauna, especialmente de aves migratorias. A conservación do Esteiro do Anllóns depende de todos nós; polo tanto, temos o deber moral de deixárllelo en boas condicións ás xeracións futuras.




■ A barra de area e o Monte Branco caracterizan este espazo natural con 1.154 ha de extensión, protexido con dúas figuras principais: ZEPA (zona de especial protección para as aves), chamado Costa da Morte Norte, e LIC (lugar de importancia comunitaria) Costa da Morte, da Rede Natura 2000 Europea.




Mazarico (*Numenius arquata*)
■ Estas aves aliméntanse collendo co seu peteiro vermes agochados na area.

Pato cullerete (*Anas clypeata*)
■ Unha grande variedade de aves migratorias danse cita no esteiro para obter alimento e refuxiarse na súa longa viaxe. Algunhas son moi raras, veñen de Norteamérica arrastradas polos ventos do Atlántico no outono.



Ceba (*Zoostera marina*)
■ As cebas ou xebas son plantas que forman praderías submarinas moi importantes por ofrecer alimento, refuxio e lugar de desove para moita fauna.



Embigueira de area (*Omphalodes littoralis*)
■ Esta planta, que está en perigo de extinción, mantén nesta zona unhas poboacións moi importantes para a súa conservación. As dunas son reservorios de plantas únicas adaptadas a estes medios.



Moita riqueza natural e aproveitamentos humanos

Nos distintos ambientes que conforman este espazo –carriceira, xunqueira, extensos areas intermareais, dunas e cantís– vive unha gran diversidade e riqueza de especies, algunhas moi raras ou en perigo de extinción. Ademais, o home aproveita o lugar mariscando berberecho, e antigamente pescouse angula e solla con métodos tradicionais como a estacada e a fisga.



Berberecho (*Cerastoderma edule*)
■ A Asociación de Mariscadores do Esteiro do Anllóns recolle berberecho e ameixa dos areas que lles serven como medio de vida.

¿Que facemos para participar na conservación do Esteiro do Anllóns?

Este espazo natural é moi fráxil e recibe a diario agresións que cómpre reducir. Será necesario ordenar os asentamentos urbanos e industriais respectando a normativa, evitar as verteduras contaminantes ao medio acuático e a circulación dos vehículos de motor polas dunas e de motos náuticas no esteiro.

A túa colaboración é moi importante para conservar o Esteiro do Anllóns

